

## Cee en Negro 25N 2017

P



Rocío Leira lendo o manifesto

É sempre o centro neurálxico das accións contra a violencia de xénero gracias á actuación da Organización Femininista Buserana, a única da bisbarra. As bravas mulleres estiveron acompañadas na concentración celebrada ás 19:00h do sábado na Praza 8 de marzo de Cee, por un cento de persoas que gozaron coa música de Adhara & Ritman, e os versos de Rocio Leira, Suso Bahamonde e Juan Lema.

Non foi o único acto celebrado na vila da Xunqueira, na que o Concello conseguiu a implicación de moitos actores sociais e deportivos. O FSF Villa de Cee, o ACB Costa da Morte, o Club Cee Deportes de Contacto conmemoraron o día cunhas fotos nas redes sociais.

